



Concello de Monterroso

BANDO INFORMATIVO SOBRE CONCILIACIÓN FAMILIAR

O martes 15 de setembro, o Concello de Monterroso comezará de novo co programa “**ALMORZO SAUDABLE**” que, como en anos anteriores, terá lugar de luns a venres das 8.30h ata o inicio das clases, momento no que os pequenos/as quedarán a cargo do persoal do CEIP de Monterroso.

Entre os obxectivos do programa cómpre destacar a **conciliación da vida familiar e laboral** dos nosos/as veciños e veciñas e o fomento dun almorzo san e equilibrado entre os nosos pequenos e pequenas.

Aquelas persoas interesadas no dito programa non inscritos no curso anterior, poderán informarse e realizar a inscrición poñéndose en contacto coa coordinadora do programa no **Departamento de Educación Familiar** sito no segundo andar da Casa do Concello, chamando ao **teléfono 982377001** en horario de 9.00h a 14.00h durante o mes de setembro ou no correo electrónico concello.monterroso@eidolocal.es.

Asemesmo e en vista da actual situación sanitaria, dende o goberno municipal, estase a estudar a posibilidade da reabrir a **OCIOTECA MUNICIPAL** cun novo enfoque, neste caso **CONCILIADOR** e non lúdico.

Polo tanto, as persoas interesadas deberán de poñerse en contacto para valorar cada necesidade en particular coa coordinadora do servizo polo que se podrán utilizar as seguintes vías de comunicación: acheándose ás oficinas municipais, chamando ó **teléfono 982377001**, ou utilizando o correo electrónico concello.monterroso@eidolocal.es

Monterroso a 11 de setembro de 2020

A Alcaldesa

Fdo.: Rocío Seijas Vázquez

(documento asinado dixitalmente á marxe)

Concello de Monterroso

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 (Lugo). Tfno. 982377001. Fax: 982377617



Cod. Validación: 3QYR3HTFP3TJGDJUNYQSF5Y9Q | Corrección: <https://monterroso.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1